

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A CREACIÓN EN PONTEVEDRA DUN CENTRO CIENTÍFICO E TECNOLÓXICO

O Grupo Municipal do Partido Popular de Pontevedra, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta ante o Pleno da Corporación municipal esta **MOCIÓN**, con base nos motivos e consideracións desenvolvidas na seguinte

Exposición de motivos

O Partido Popular considera que chegou a hora de que Pontevedra inicie a súa traxectoria no campo da investigación e da innovación. É o momento de que o Concello estableza unha liña de colaboración coa Universidade de Vigo para que o Campus Universitario de Pontevedra potencie a innovación e así poida impulsar o desenvolvemento de novas oportunidades económicas a medio e longo prazo.

Pontevedra viviu demasiado tempo de costas ao seu campus universitario. Ata agora non soubo darlle a relevancia que estas institucións adquiriron noutras cidades galegas e españolas. Chegou o momento de corrixir esta situación e recuperar o tempo perdido. Xogámonos moito con este proxecto.

Para revertir esta situación propoñemos a creación de espazos e ámbitos nos que a universidade e as empresas poidan unir os seus esforzos creando liñas de investigación e colaboración conxunta. Pontevedra ten que empezar por decidir en qué actividades

económicas quere especializarse e en qué sectores económicos quere destacar e innovar.

O Partido Popular propón que unha parte importante dos 8,7 M€ que lle corresponden a Pontevedra do Fondo Estatal de Investimento Local do 2010 se destine á creación dun centro científico e tecnolóxico de apoio ao Campus Universitario. A nosa proposta consiste en dedicarlle ata 5 M € a esta iniciativa pero, en calquera caso, estamos abertos a escoitar e consensuar a posición que o goberno teña ao respecto.

Se temos en conta que o obxectivo do fondo de investimento local é fomentar a innovación e a educación, estamos ante a mellor oportunidade para que Pontevedra, por fin, se decida a iniciar o proceso de modernización do seu tecido económico sobre a base da investigación e a innovación.

Pontevedra é a única cidade galega que carece dun centro especializado en investigación. Por citar algúns exemplos, está o Parque Científico Tecnolóxico de Narón, o Centro de Apoio Científico Tecnolóxico do Campus de Lugo e o Campus Vida de Santiago de Compostela, que acaba de ser recoñecido como campus de excelencia internacional, o que lle supuxo a concesión de axudas de 8 M€.

En Vigo hai dous exemplos, o Centro de apoio Científico, que funciona desde hai anos, e o Campus Científico e Tecnolóxico Cidade do Mar, que é un proxecto en desenvolvemento. O campus de Ourense tamén dispón dun Centro de Investigación, Transferencia e Innovación e nestes momentos está inmerso nunha iniciativa coa que pretende poñer en valor e recuperar o campus universitario, coñecido como proxecto Porta de Galicia.

En definitiva, hai tempo que o resto de cidades galegas fixeron unha aposta pola educación e a innovación, que lles está permitindo xerar novas oportunidades de emprego e riqueza. Pontevedra debería seguir o seu exemplo.

O Concello debe promover un Centro Científico e Tecnolóxico, no que deberían participar a Universidade e as empresas interesadas. A creación dun centro desas características require tres fases:

1. Constitución dunha sociedade mercantil coa participación do Concello, da Universidade e as empresas interesadas.
2. Estudo de viabilidade e deseño das actividades de investigación nas que se vai especializar.
3. Selección para a situación da súa sede e do seu deseño e construción.

Os prazos que establece o Fondo Estatal de Inversión Local son suficientes para complementar como mínimo 2 das fases que establece este proxecto. Pero incluso podería cumprirse na súa totalidade se a sede do Centro Científico Tecnolóxico se situara nun edificio xa construído que so requirira unha reforma. En calquera caso, o importante non é tanto completar as tres fases coa axuda que se recibe no novo marco do Plan E como aproveitar esta oportunidade para iniciar o proceso. Para elo so fai falla vontade política e visión de futuro.

Cáles serán as disciplinas e actividades de investigación a desenvolver debería ser o resultado dun rigoroso estudo incluído na iniciativa que propoñemos. As opcións son diferentes. Pontevedra pode especializarse na administración e xestión pública ou no sector comercial, que ata agora foron as actividades tradicionais de Pontevedra. Pero tamén se poden considerar outras opcións coma o deseño e a moda, as artes, a industria forestal, o deporte ou as ciencias sociais. Daquela, haberá que elixir tendo en conta moitos factores.

A innovación é o camiño máis seguro para mellorar e potenciar o tecido económico de Pontevedra. Para conseguir que os mozos pontevedreses que se licencien cada vez teñan máis oportunidades para vivir e exercer a súa profesión na cidade en que naceron. Se non hai unha aposta firme pola innovación será moi difícil que nos próximos anos se poida reducir, de forma considerable, o número de parados en Pontevedra, que actualmente se achega ás 7.000 persoas.


O Partido Popular quiere acordar co resto de partidos políticos con representación na Corporación unha iniciativa destinada a converter a innovación nunha das prioridades da axenda municipal. Polo tanto, estamos abertos a consensuar calendario, investimento e todos os aspectos relacionados co proxecto que propoñemos.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Pontevedra presenta para a súa aprobación polo Pleno, o seguinte

ACORDO:

Promover a creación en Pontevedra dun Centro Científico e Tecnolóxico coa participación da Universidade de Vigo e de empresas interesadas, acollendo o seu financiamento ao Fondo Estatal de Investimento Local do 2010.

Pontevedra, 1 de decembro de 2009


Asdo. Jacobo Moreira Ferro

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA